



CONCURSO DE CARROZAS, COMPARSAS, GRUPOS E DISFRACES INDIVIDUAIS DO ENTROIDO 2012.

PRIMEIRA: O Concello do Rosal convoca o tradicional concurso de carrozas, comparsas, grupos e disfraces individuais que se celebrará con motivo do **Entroido 2012 o domingo, 19 de febreiro, ás 11:30, na praza do Calvario.**

O desfile percorrerá a rúa de Ramón Franco (desde o cruce coa Lomba) e a rúa Julio Sesto (ata a Rotonda da Feira).

SEGUNDA: A inscrición dos participantes farase no Rexistro do Concello, en impreso normalizado para este fin, ata as 15:00 h. do mércores 15 de febreiro.

Xunto coas solicitudes de inscrición, deberán achegar:

- Maiores de idade: fotocopia do DNI do representante.
- Menores de idade: fotocopia do DNI da persoa que os represente e autorización para participar no concurso.
- Breve descrición dos disfrace que se presenta a concurso.

As persoas que non presenten solicitude no rexistro xeral tamén poderán participar no desfile pero non terán opción a premio.

TERCEIRA: As modalidades que poderán participar no concurso son:

- **Carrozas:** Considéranse carrozas un grupo de alomenos 6 persoas representando algún tema enriba dun móbil (carro, tractor, motocultor, etc. O condutor poderá ou non ir incluído, déixase a criterio dos participantes).
- **Comparsas:** Participarán no grupo un mínimo de 10 persoas.
- **Grupo:** Participarán un número de 3 a 9 persoas.
- **Individual:** Fará constar o nome dos disfrace e da persoa que se presenta. Inclúense nesta categoría, a parella de disfraces que pola súa condición requiran participar de forma conxunta, e tamén as modalidades de: ata os 12 anos, infantil; a partir dos 13 anos, xuvenil-adulto.

CUARTA: A cualificación das carrozas, comparsas, grupos e disfraces individuais será determinada polo Xurado do concurso, que estará formado por un Presidente (a Concelleira de Cultura ou a persoa en quen delegue) e cinco vogais en representación das entidades socioculturais do concello, que serán nomeados pola Concelleira de Cultura actuando como secretario/a o de menor idade.

QUINTA: Cada membro do Xurado calificará de 1 a 10 cada carroza, comparsa, grupo e disfraz individual participante. No suposto de empate, procederase a unha segunda puntuación.

SEXTA: Concederanse os seguintes premios:

CARROZAS:

1º PREMIO.....300€

2º PREMIO225€

3º PREMIO.....175€

COMPARSAS:

1º PREMIO225€

2º PREMIO200 €

3ºPREMIO175 €

GRUPO:

1º PREMIO.....175 €

2º PREMIO.....125 €

3º PREMIO.....100 €

INDIVIDUAIS:

Infantil:

1ºPREMIO115 €

2º PREMIO80 €

3º PREMIO65 €

Xuvenil—adulto:

1º PREMIO.....115 €

2º PREMIO..... 80 €

3º PREMIO 65 €

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.

SÉTIMA: A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do Entroido: unha vez feita a avaliación polo Xurado, o secretario fará público o resultado, mediante a lectura da acta correspondente.

OITAVA: A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, sendo a decisión do Xurado inapelable.

O Rosal a 16 de xaneiro de 2012.

O ALCALDE



Jesús Mª Fernández Portela